



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jose Antonio Pereira Gil, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario - interventor de dito concello, emito o seguinte decreto:

**Asunto: Designación de representante municipal en órganos colexiados competencia da Alcaldía (Consellos Escolares).**

**Expte. TEDEC: 2023/G005/000001 (Xestión de Integrantes).**

**Expte. TEDEC: 2023/G003/000454 (Decreto).**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Visto o Real Decreto 207/2023, de 3 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 28 de maio de 2023.

Visto que na sesión constitutiva do Pleno da Corporación para o mandato 2023/2027 foi elixido don Jose Antonio Pereira Gil como Alcalde da Baña.

Visto que o réxime de nomeamento dos representantes do Concello nos órganos colexiados municipais externos á organización da propia entidade local son competencia da Alcaldía en virtude do disposto no 32 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e dos apartados b) e s) do artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto que é vontade da Alcaldía nomear como representante do Concello da Baña ante o C.P.I. San Vicente e ante a Escola Unitaria de Lañas á 1ª Tenente de Alcalde, dona Mónica González Blanco.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

**Primeiro.-** Nomear como representante do Concello da Baña ante o C.P.I. San Vicente e ante a Escola Unitaria de Lañas á 1ª Tenente de Alcalde, dona Mónica González Blanco.

**Segundo.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello da Baña



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

**Terceiro.-** Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asínao o señor Alcalde, don Jose Antonio Pereira Gil, do que eu secretario - interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**